



## Segundo exame: Parte específica

### Instrucións en galego

- O exame ten 30 preguntas.  
Debes marcar as respostas na folla de respostas.  
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.  
Só 1 resposta é correcta.  
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.  
As preguntas que deixes en branco non puntúan.  
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
  - Opción número 1:  
**Se tes que facer o exame de galego,**  
espera as instrucións do persoal da organización.
  - Opción número 2:  
**Se non tes que facer o exame de galego,**  
entrega o cuestionario e a folla de respostas.  
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas  
ao persoal da organización.  
A persoa da organización entregache  
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas  
na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

**1. Que cambios biolóxicos prodúcense coa idade?**

- A) Cambios na vista, no oído, no gusto, no olfacto e no tacto.
- B) Cambios psicolóxicos.
- C) Cambios sociais.
- D) Ningunha opción é correcta.

**2. Na planta de cuidados paliativos, á familia do paciente:**

- A) Daráselle facilidades para a súa hixiene.
- B) Non poderá acompañalo as 24 horas do día.
- C) Non teñen unha sala onde recibir información, consello e asesoramento.
- D) Non se lle dará facilidades para a súa hixiene.

**3. Cal dos seguintes medicamentos reduce as náuseas e os vómitos?**

- A) Os antiulcerosos.
- B) Os antieméticos.
- C) Os astrinxentes.
- D) Os laxantes.

**4. Cales son os requisitos da información aos doentes e familiares?.**

- A) Información individualizada, confidente, actual e constante, preventiva e comprensible.
- B) Información xeneralizada, confidente, actual, preventiva e pouco comprensible.
- C) Información Individualizada, constante, indirecta e comprensible.
- D) Todas son incorrectas.

**5. Sinale a resposta INCORRECTA sobre a información que contén a historia clínica.**

- A) Anamnese.
- B) Plan de investigación.
- C) Exame físico.
- D) Diagnóstico.

**6. No grao II das úlceras por presión:**

- A) Só hai eritema cutáneo.
- B) Hai perda da pel que afecta á derme e pode ter ampola.
- C) Hai tecido necrosado ou lesión no músculo.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

**7. Cal dos seguintes métodos NON é de esterilización?**

- A) Calor húmido a presión.
- B) Calor seco.
- C) Aire a presión.
- D) Tindalización.

**8. Que material NON se limpa nin se desinfecta?**

- A) Material utilizado polo paciente.
- B) Todo o material que se utiliza nunha consulta.
- C) Todo o material que se utilice nunha cirurxía.
- D) Material funxible ou dun só uso.

**9. Cando se trata dunha mostra de LCR (líquido cefaloraquídeo), debemos ter en conta que:**

- A) Debe transportarse inmediatamente, e se non é posible, mantelo a temperatura ambiente ou en estufa.
- B) Debe transportarse inmediatamente, sempre mantida en xeo.
- C) Debe gardarse na neveira.
- D) Os frascos de transporte non necesitan ser estériles.

**10. Para realizarlle os coidados orais a un/unha doente inconsciente, en que posición debemos colocalo/a?**

- A) Sims.
- B) Fowler.
- C) Kraske.
- D) Decúbito supino.

**11. Que é o trastorno bipolar?**

- A) É unha enfermidade mental que causa un trastorno de ansiedade.
- B) É unha enfermidade mental que causa cambios extremos no estado de ánimo.
- C) É unha enfermidade mental que provoca un trastorno alimentario.
- D) É un trastorno do soño.

**12. O segredo profesional obriga a gardar a confidencialidade da información a:**

- A) Médicos/as.
- B) Médicos/as e enfermeiros/as.
- C) Médicos/as, enfermeiros/as e TCAES.
- D) Todo o equipo que participa na atención do doente.

**13. Na reanimación cardiopulmonar nun adulto, a relación masaxe-ventilación será:**

- A) 15 compresións 2 ventilacións con dous reanimadores.
- B) 15 compresións 4 ventilacións con dous reanimadores.
- C) 30 compresións 2 ventilacións.
- D) A e B son correctas.

**14. A dieta dun paciente con insuficiencia renal debe ser:**

- A) Pobre en líquidos, pobre en sodio e pobre en potasio.
- B) Pobre en líquidos e rica en sodio e potasio.
- C) Rica en líquidos, en sodio e en potasio.
- D) Rica en líquidos, pobre en sodio e pobre en potasio.

15. Segundo a profundidade das queimaduras cantos graos hai:

- A) Dous graos.
- B) Tres graos.
- C) Catro graos.
- D) Cinco graos.

16. En que posición colocarase a un doente con problemas respiratorios e cardíacos:

- A) Sims.
- B) Trendelenburg.
- C) Fowler.
- D) Decúbito prono.

17. O procedemento preventivo máis importante dentro das prácticas de illamento é:

- A) Uso de mascara, calzas e gorro.
- B) Lavado de mans antes de entrar e despois de saír da habitación.
- C) Protección ocular e facial.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

18. A recollida dunha mostra de ouriños para un urocultivo realizarase durante:

- A) Os primeiros ouriños da micción.
- B) Os ouriños da metade da micción.
- C) Os ouriños da última micción.
- D) É indiferente.

19. A frecuencia cardíaca normal nun adulto oscila entre:

- A) 40 – 60 pulsacións por minuto.
- B) 60 – 80 pulsacións por minuto.
- C) 80 – 100 pulsacións por minuto.
- D) 100 – 120 pulsacións por minuto.

20. A bolsa de auga quente é unha aplicación de tipo:

- A) Calor seco.
- B) Frío húmido.
- C) Calor húmida.
- D) Frío seco.

21. Que é a taquipnea?

- A) A respiración está acelerada.
- B) A respiración vólvese lenta.
- C) Interrómtese a respiración.
- D) O ritmo e a frecuencia é irregular.

22. Os cambios posturais nos doentes encamados realizaranse cada:

- A) 6 horas.
- B) 8 horas.
- C) 2 horas.
- D) Media hora.

23. Para o control da infección nosocomial, que medida é considerada de dudosa eficacia?

- A) Desinfección de pisos, paredes e superficies.
- B) Coidados do equipo de terapia respiratoria.
- C) Educación do persoal e do paciente.
- D) Illamento de enfermos.

24. Xoana é unha TCAE que está a realizar a hixiene a unha paciente encamada, que zona do corpo deixaría para o final?

- A) Rexión perianal.
- B) Rexión dorsal.
- C) Axilas.
- D) Ollos.

25. Cal sería unha medida de prevención para evitar úlceras por presión?

- A) Cambios posturais un pola mañá e outro pola noite.
- B) Cambios posturais cada seis horas.
- C) Cambios posturais cada dúas ou tres horas seguindo unha rotación programada.
- D) Se teñen un colchón antiéscaras non farán falta cambios posturais.

26. Unha das funcións do/a TCAE é:

- A) Preparar ao/á doente para o seu traslado.
- B) Axudar ao/á doente a asearse e vestirse.
- C) Distribuír e administrar as comidas.
- D) Todas son funcións do/a TCAE.

27. Ao finalizar a alimentación enteral por sonda, a sonda nasogástrica lavarase con:

- A) 5 ml de auga en adultos e nenos.
- B) 200 ml de auga en adultos e non máis de 100 ml en nenos.
- C) Polo menos 500 ml de auga, tanto en adultos como en nenos.
- D) De 20 a 30 ml de auga en adultos e non máis de 10 ml en nenos.

28. En que posición se coloca un doente para poñer un enema de limpeza?:

- A) Decúbito lateral esquerdo con xeonllo esquerdo flexionado
- B) Decúbito lateral esquerdo con xeonllo dereito flexionado
- C) Decúbito prono
- D) Indiferente

29. O intervalo estandar de temperaturas aconsellado para a conservación da maioría das vacinas, sitúase entre os seguintes graos centígrados:

- A) -2 graos centígrados e +8 graos centígrados.
- B) +2 graos centígrados e +8 graos centígrados.
- C) +10 graos centígrados e +13 graos centígrados.
- D) +13 graos centígrados e +24 graos centígrados.

30. O traslado de un doente en cadeira de rodas no ascensor. Exixe saber que:

- A) Débese empuxar por detrás.
- B) Débese entrar no ascensor antes que a cadeira.
- C) Débese saír do ascensor antes que a cadeira.
- D) B e C son correctas.

#### Preguntas de reserva

**1. Cales son habilidades da comunicación?**

- A) escoita activa.
- B) Simpatizar.
- C) Ser crible.
- D) A e C son certas.

**2. Que tipo de drenaxe é o redón?**

- A) De gravidade.
- B) De capilaridade.
- C) Mixto.
- D) Aspirativo.